



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA DE AGOSTO DO DOUS MIL DEZAOITO PARA OS EFECTOS DE EMITIR DITAME SOBRE DAS CONTRATACIÓNS QUE DE SEGUIDO SE CITAN:**

- 1) "REFORMA DO CENTRO DE LECER DE STA. CRUZ"
- 2) "PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E RÚA ABELLA"
- 3) "ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS RIO XALLAS, RIO ULLA E RÍO EO"
- 4) "ACONDICIONAMENTO DAS CASAS DO POBO DE LORBÉ E DEXO"

Na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oleiros sita no primeiro andar do citado edificio municipal; reúnese, ás 11:40 horas do día 30 de agosto do 2018, a Mesa de Contratación convocada segundo Providencia da Alcaldía de 24 de agosto do 2018.

Asisten os seguintes membros:

Preside: D. Ángel García Seoane, Alcalde-Presidente do Concello.  
Vocais.:

- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández
- D. Marcos Veiga Rodríguez, Secretario Accidental do Concello.
- D. Oscar Bouzas Martínez, Interventor Accidental do Concello.



Secretario da Mesa: D. José Manuel Díaz García.

Asisten tamén os seguintes técnicos:

- D. José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, para a contratación nº 1)
- D<sup>a</sup> Isabel M<sup>a</sup> Freire Ramos, enxeñeiro municipal, para as contratacións nº 2) e 3).

Non asisten: D<sup>a</sup> Susana Miranda Fernández, vocal; nin D. Iñaki Cubillo Bueno, técnico municipal convocado.

Habendo quórum, procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.





CONCELLO DE  
OLEIROS

## II.- PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E RÚA ABELLA

Por Decreto da Alcaldía nº 3252/18, de 7 de agosto, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto simplificado, da obra denominada "Pavimentación da rúa Mapoulas e rúa Abella", por un importe de licitación de 53.430,38 € (21% IVE engadido).

Para os efectos de presentación de ofertas, publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de agosto de 2018.

Rematado o día 29 de agosto de 2018 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

EMPRESA	DATA ENTRADA	Nº REXISTRO
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	28/08/2018 ás 13:38	2018016392
CANARGA,S.L. (*)	30/08/2018 ás 11:29	2018016491

(\*) Para facer constar que esta empresa remitiu correo-e o día 29 de agosto do 2018 advertindo da presentación da súa plica a través do servizo de Correos e xuntando xustificante do seu envío.

De seguido, tal como se dispón no anuncio de licitación publicado no perfil do contratante o mencionado día 10 de agosto de 2018 e de conformidade co art. 157 da LCSP e cláusula 2.2.8.1 do prego de cláusulas administrativas particulares; procédese, en acto non público, á apertura dos sobres nº 1 correspondentes á "Documentación administrativa presentada e proposta suxeita a avaliación previa".

Con respecto á documentación administrativa, resulta que a Mesa considera correcta a presentada polas empresas licitadoras.

Así, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

*Primeiro.- Admitir a tódolos licitadores presentados a esta licitación*

De seguido, a Mesa continúa coa comprobación da documentación cuxa valoración depende dos xuízos de valor (proposta suxeita a avaliación previa)

Así, resulta que os licitadores presentan, tal como se indica na cláusula 2.2.4., apartado B), sobre un, do prego de cláusulas administrativas, a documentación que consideran oportuna para que lles sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no anexo X do prego de cláusulas administrativas particulares (programa de traballo).

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

*Primeiro e único.- Remitir os sobres nº 1 das empresas admitidas correspondentes á "Proposta suxeita a avaliación previa", a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no anexo X do prego de cláusulas administrativas particulares.*